



"APREN-DEIMI"

OBRADOIRO DE MAXIA + ACTUACIÓN

MAGO DEIMI (O artista)

Deimi é un mago do Ribeiro que leva anos movendo os seus espectáculos por todo Galicia actuando tanto para público infantil como adulto. Un mago total que ademais de tocar a parte máis divulgativa da profesión, ten unha gran técnica e un interesante repertorio de números. Interacciona moito e ben co público grazas á súa simpatía e ao recurso constante do humor.

Vídeo promocional:

http://www.youtube.com/watch?v=bPsyK3zfYUM&feature=youtu_gdata_player

“APREN-DEIMI” (O show)

Espectáculo dobre, combina a divulgación e iniciación á maxia para os máis pequenos cunha actuación completa apta para todos os públicos.

OBRADOIRO DE MAXIA

Pensado para nenos pero no que tamén poden participar os pais.

A intención é achegar a maxia e o ilusionismo aos máis pequenos facendo que eles non sexan meros espectadores senón que interveñan no proceso e incluso aprendan a facer algún números.

Resulta un exercicio moi divertido e que axuda ademais a potenciar a psicomotricidade, a creatividade e a comunicación.

No obradoiro poñeranse en práctica xogos como:

- Desaparición de moeda en vaso.
- Ilusións con gomas elásticas.
- Aparición e desaparición de moedas en panos.
- Corda estragada e recomposta...

VIDEO do **Mago Deimi** nunha festa infantil de Nadal:

<http://www.youtube.com/watch?v=MRpCWRdz9j4>

Obradoiro pensado para uns 20-25 nenos.

Duración: 30-40 minutos

ESPECTÁCULO DE MAXIA

Número de maxia que abarca as diferentes ramas da maxia como son: o escapismo, a cartomaxia, aparicións, transformacións, aparicións de coello, maxia con lume, levitacións, mentalismo...

Maxia moi variada e divertida con toques de humor e moi interactivo co público.

Duración: 60 minutos

PREZO (obradoiro + actuación)

400 € + Impostos

Contacto:



E.Mail: hermanagerproducciones@gmail.com

Teléfono: 657014555